



MANIFESTO POLO 77º ANIVERSARIO DA NAKBA MÓVETE POR PALESTINA: TODAS A MADRID! (galego)

O proxecto colonialista de Israel é hoxe máis nítido ca nunca: en 1948 tivo lugar a Nakba, a catástrofe que supuxo o desprazamento forzado, a limpeza étnica, de máis de 750.000 persoas palestinas dos seus fogares. Inxusticia histórica que continúa até agora. Hoxe o sionismo quitou a máscara e pretende culminar a limpeza étnica que comezou hai 77 anos sobre Palestina. O rexime colonial israelí foi construído polo que hoxe coñecemos coma crimes de guerra e crimes de lesa humanidade, e segue a manterse grazas a eles.

Tras 19 meses dende o inicio da última fase do xenocidio, centrado con especial brutalidade sobre a Franxa de Gaza. 19 meses nos que Israel cometeu crimes indescritíbeis, sementou a morte, a destrución, a dor máis desgarradora e todo con absoluta impunidade. 19 meses nos que Israel bombardeou escolas, hospitais, campos de refuxiadas, zonas residenciais, igrexias, mesquitas e convois humanitarios, co apoio de occidente. Nunca asasinaran tantas xornalistas, nunca asasinaran tantas traballadoras da ONU, nunca asasinaran tanto persoal sanitario nun territorio tan pequeno. E nunca a complicidade e a hipocresía dos adaires noratlánticos da democracia fora tan escandalosa.

En Cisjordania e Xerusalén este, os ataques de colonos son cada vez máis salvaxes; pobos enteiros foron evacuados forzosamente e as historias das presas palestinas en cárceres israelíes son auténticos relatos de tortura e terror. Estes ataques temen lugar baixo o amparo das forzas de ocupación israelís, que non só o permiten senón que a miúdo colaboran nestas agresións.

Na diáspora, máis de oito millóns de palestinas teñen prohibido o regreso ás súas terras. E máis de 60 leis discriminan á poboación palestina que ten cidadanía israelí.

A realidade nunca foi tan clara: Israel representa e entrecruza os grandes sistemas de opresión global: imperialismo, colonialismo, racismo, cisheteropatriarcado e capitalismo. Ante esta evidencia, só hai dúas opcións: ser cómplices do xenocidio sobre o pobo palestino ou defender un mundo baseado na xustiza e a equidade. EEUU xoga un papel fundamental brindando apoio económico e militar a Israel, demostrando, como o imperialismo estadounidense contribúe á opresión e desposesión de comunidades en todo o mundo. A UE tamén é totalmente cómplice, sen romper o seu Acordo de Asociación con Israel nin deter a Netanyahu agora que pisou solo europeo por primeira vez dende que saíu a orde de detención da Corte Penal Internacional.

Israel incumpriu sistematicamente todo o dereito internacional, todas as treguas, é responsábel de crime de apartheid, crime de xenocidio e ocupar ilegalmente Palestina.

Coa presión popular obrigamos ao Goberno dar algúns pasos, aínda que tímidos e insuficientes, cara ao fin da complicidade **e iso demostra que o que facemos funciona e que necesitamos manter e aumentar a presión.** Porque hoxe o Estado español segue a financiar directamente o xenocidio contra o pobo palestino e iso non o podemos permitir. Unha mostra disto son os numerosos tránsitos de embarcacións con toneladas de material armamentístico polos portos de Alxeciras, Valencia ou Cartaxena con destino aos portos Israelís, os envíos de material militar a través do aeroporto de Zaragoza, así como as compras de armamento Israelí por parte do Goberno español. Estes feitos confirman que o Estado español segue a ser cómplice, actuando como porto de tránsito de material militar a Israel, a pesar de anunciar a suspensión deste tipo de escalas.

Durante meses, la movilización ha sido constante e incansable. Convocadas por la RESCOP en 15 fines de semana de movilización descentralizada, además de todas las convocatorias locales, hemos tomado las calles de cada ciudad y cada barrio. Está siendo una movilización histórica; nunca había habido tantas manifestaciones y concentraciones en tantos municipios (hemos llegado a ser más de 100 en la misma convocatoria) durante tantos meses seguidos por una causa de solidaridad internacionalista. Hemos señalado, una y otra vez, la responsabilidad del Gobierno español, de la Unión Europea, de los gobiernos autonómicos y nacionales, de los ayuntamientos y de las empresas que se lucran con la masacre. Pero ha llegado el momento de dar un paso más.

Durante meses, a mobilización foi constante e incansábel. Convocadas pola RESCOP en 15 fins de semana de mobilización descentralizada, ademais de todas as convocatorias locais, tomamos as rúas de cada cidade e cada barrio. Está a ser unha mobilización histórica; nunca houbera tantas manifestacións e concentracións en tantos municipios (chegamos a ser máis de 100 na mesma convocatoria) durante tantos meses seguidos por unha causa de solidariedade internacionalista. Sinalamos, unha e outra vez, a responsabilidade do Goberno español, da Unión Europea, dos gobernos autonómicos e nacionais, dos concellos e das empresas que se lucran da masacre. Pero chegou o momento de dar un paso máis.

Por iso, dende a Red Solidaria contra la Ocupación de Palestina (RESCOP), e por primeira vez, **chamamos a todas ás organizacións, colectivos e persoas solidarias a encontrarnos en Madrid o próximo 10 de maio ás 12 horas**, para que o Goberno sinta o peso do poder popular e escoite, alto e claro, as nosas esixencias:

- **A ruptura inmediata de todas as relacións diplomáticas, económicas, culturais, institucionais e militares co Estado de Israel.**
- **O embargo total de armas, tecnoloxía militar e de vixilancia a Israel, incluíndo o fin de licenzas e o fin do tránsito de armamento polo Estado español.**

- O respaldo firme ás denuncias por xenocidio presentadas por Sudáfrica ante a Corte Internacional de Xustiza, e o apoio activo ao proceso aberto na Corte Penal Internacional.

- A derogación da Lei Mordaza e o fin da criminalización da solidariedade con Palestina.

- Recoñecemento e aplicación do dereito ao retorno das refuxiadas palestinas, tal e como establece a Resolución 194 da Asemblea das Nacións Unidas.

A impunidade coa que actúa Israel só é posíbel grazas á rede de complicidades que o sostén: gobernos que non sancionan, empresas que se lucran, medios de comunicación que branquean, institucións que calan. É a nosa responsabilidade colectiva romper esa rede.

Cada acto de solidariedade conta. Cada mobilización constrúe poder popular. E ese poder xa está a marcar a diferenza: contratos de armas suspendidos, concertos cancelados, acordos comerciais anulados, artistas, universidades e concellos que se desmarcan do xenocidio.

Non imos parar até que se poña fin a toda a complicidade.

Por iso, o **10 de maio encheremos Madrid**. Porque non podemos permitir que a barbarie avance nin un día máis. **Porque o pobo palestino resiste**, e nós resistimos con el. Porque a loita do pobo palestino é a loita da humanidade.

Madrid será un clamor: Alto ao xenocidio! Embargo total de armas! Ruptura das relacións, xa! Boicote a Israel, Palestina libre!

www.rescop.org



MOU-TE PER PALESTINA

FI AL COMERÇ D'ARMES I A
LES RELACIONS AMB ISRAEL

10 DE MAIG
TOTES A MADRID!



MANIFESTACIÓ PER A LA DESCOLONITZACIÓ I EL DRET AL RETORN



MUÉVETE POR PALESTINA

FIN AL COMERCIO DE ARMAS Y
A LAS RELACIONES CON ISRAEL

10 DE MAYO
¡TODAS A MADRID!



MANIFESTACIÓN POR LA DESCOLONIZACIÓN Y EL DERECHO AL RETORNO

